

# ANEXO I

# PLAN ANUAL ORIENTACIÓN

**CEIP Manuel Sueiro**

Ourense

## PLAN XERAL ANUAL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O ámbito de actuación do departamento abrangue tamén dentro da modalidade de orientación compartida ao CEIP Vistahermosa.

Manterá as súas reunións sempre que sexa necesario e, a lo menos, unha vez ao trimestre.

### OBXECTIVOS:

---

Os obxectivos propostos son:

- ◆ Asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e as familias para a mellora da calidade do ensino.
- ◆ Apoiar nos procesos de ensino-aprendizaxe a todo o alumnado do centro.
- ◆ Contribuír a prever dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- ◆ Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- ◆ Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar.
- ◆ Asesorar, informar e orientar ao alumnado e ás familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado.
- ◆ Contribuír ao fomento das relacións coas familias do alumnado e con aqueles servizos e institucións que prestan atención socioeducativa e sanitaria ao noso alumnado.
- ◆ Asesorar e colaborar na actualización e elaboración dos distintos documentos do centro.
- ◆ Adquirir o material e equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación; así como centralizar o xa existente no Departamento actualizando o inventario.

## ACCIÓN

	ACCIÓN	
SETEMBRO	Deseño da avaliación inicial do alumnado	. Titores/as . Equipos docentes . D. Orientación
SETEMBRO	Recollida de información sobre o alumnado de novo ingreso	. Profesorado-titor . Xefa D. Orientación
SETEMBRO	Exploración inicial da vista do alumnado de 1º de EP.	. Xefa D. Orientación
SETEMBRO	Elaboración do Plan Anual do D.de O. e Plan Anual de Atención á Diversidade.	. D. de Orientación
SETEMBRO. TODO O CURSO.	Detección de necesidades educativas especiais	. Titores. . Equipos docentes . Pais. . D. de Orientación
TODO O CURSO	Avaliación psicopedagóxica do alumnado	. Xefa D. Orientación . Titores. . Equipos docentes
TODO O CURSO	Informes psicopedagóxicos	. Xefa D. Orientación
SETEMBRO- OUTUBRO	Organización dos apoios ao alumnado con n.e.e.	. Xefa D. Orientación . D. Orientación . Xefa de Estudos
SEMANAIS	Reunións de coordinación. Intervención, seguimento e avaliación.	. Xefa D. de O. . Profesorado PT-AL
1º TRIMESTRE	Revisión e actualización de ficheiros do alumnado do centro.	. Xefa D. Orientación

TODO O CURSO	Entrevistas coas familias	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Entrevistas individuais co profesorado	. Xefa D. Orientación . Profesorado
TODO O CURSO	Entrevistas individuais co alumnado	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Asesoramento no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares e doutras medidas extraordinarias que afecten á escolarización do alumnado	. Xefa D. Orientación . Profesorado
TODO O CURSO	Participación nas sesións de avaliación, sempre que haxa dispoñibilidade horaria.	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Coordinación con distintas institucións e profesionais que inciden no noso alumnado	. Xefa D. Orientación
TODO O CURSO	Participación na Comisión de Convivencia e Comisión de Coordinación Pedagóxica.	. Xefa D. Orientación
1º-2º-3º TRIMESTRE	Aplicación de probas colectivas.	. X. D. Orientación

## ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN.

Como o obxectivo principal do Departamento de Orientación é contribuír a mellorar a calidade do ensino no centro, a estratexia fundamental que se utilizará será a colaboración cos titores, sempre que o soliciten, co fin de que a cada alumno lle chegue a oferta educativa máis axeitada ás súas propias características. Seguidamente, os acordos que se tomaran se lle comunicará ao resto do seu equipo docente.

A intervención estará eminentemente enfocada á *prevención e desenvolvemento*, aínda que para atender certas necesidades específicas realizaranse intervencións *correctivas*.

Intentarase implicar ao máximo ás familias, ofertándolles o asesoramento que precisen e indicándolles, segundo as necesidades concretas, as pautas de actuación oportunas.

## HORARIO:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CEIP VISTAHERMOSA.	CEIP VISTAHERMOSA.	CEIP VISTAHERMOSA.	CEIP MANUELSUEIRO	CEIP MANUELSUEIRO
De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.	De 9:00 a 14:00 h.
<p>De 16:00 a 18:00 .  <b>CEIP                      MANUELSUEIRO:</b>                      1º martes mes.                      CEIP                      VISTAHERMOSA:                      2º, 3º, 4º mes.</p>				

## CRITERIOS E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL.

A avaliación global do Plan Anual seguirá os seguintes pasos:

a) Avaliación inicial: Recollida de datos e suxerencias para realizar este plan nas reunións da comisión de coordinación pedagóxica, de departamento e nos equipos docentes.

b) A avaliación do proceso centrarase:

- No estado de desenvolvemento do Plan Anual.
- Na análise das dificultades que se presenten.
- Na proposta de cambios.

c) Na avaliación final terase en conta:

- A análise do grao de consecución de obxectivos propostos.
- A adecuación das medidas educativas adoptadas.
- A adecuación e suficiencia de recursos dispoñibles.
- As posibles modificacións e propostas de mellora a efectuar en cursos posteriores.

Ourense, 13 de outubro de 2016.